???

## 1916 - 2005

- Investigadora da riqueza biolóxica dos océanos.
- Descubriu vinte e dúas especies de zooplancto.
- Primeira científica a bordo dos buques de exploración británicos.
- Traballou na sede viguesa do Instituto Español de Oceanografía, pero cansa da falta de oportunidades para investigar en España, marchou aos Estados Unidos.
- En 1977 denunciou a discriminación por motivos de xénero que sufría no laboratorio onde traballaba.
- Un buque de investigación leva o seu nome.

???

## 1914 - 2009

- Licenciouse en 1934 en Ciencias Químicas.
- Primeira muller investigadora en Astronomía e a primeira en formar parte do cadro docente da Sección de Matemáticas.
- Comezou a dar clases na universidade como axudante de prácticas de física e matemáticas cun soldo moi baixo.
- Coa guerra civil cesou a vida universitaria pero nos anos 40 puido volver á universidade e formarse como astrónoma.
- Doutorouse nos 50 coa primeira tese defendida na licenciatura de Matemáticas.

???

## 1902 - 1992

- Científica estadounidense especializada en citoxenética que obtivo o premio Nobel de Medicina ou Fisioloxía en 1983.
- Estudou os cambios que acontecen nos cromosomas durante a reprodución do millo, descubrindo a recombinación xenética que se produce durante a meiose.
- Iniciadora da cartografía xenética en millo, describiu o primeiro mapa de ligamiento deste xenoma, que máis tarde serviría para demostrar os mecanismos do cambio e da regulación xenética.
- Formou parte da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos en 1944.

???

## 1882 - 1935

- Matemática alemá especialista na teoría de invariantes e coñecida polas súas contribucións de fundamental importancia nos campos da física teórica e o álxebra abstracta.
- Foi artífice o álxebra moderna e o teorema de Noether, que permitía entender e resolver o problema da conservación da enerxía, clave para a visión actual do Universo e para comprender a Teoría da Relatividade de Albert Einstein.
- Primeira muller plenaria nun Congreso Internacional de Matemáticos, en 1932, e primeira muller en estar habilitada para dar clases na Universidade de Erlanger- Nuremberg.



ANTX



M3XU



MF69



BMC5